

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2013.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as once horas e trinta minutos do día 1 de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 24 de setembro de 2013.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión.

LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) CONCESION DE BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDO NAS MODALIDADES DE COMEDOR E TRANSPORTE 2012-2013.

Visto informe-proposta redactado pola Traballadora Social do Concello, consonte ó establecido na base novena das que regulan a concesión de bolsas e axudas ó estudo nas modalidades de comedor e transporte 2012-2013; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A Concesión da axudas reflectidas no Informe-Proposta da Traballadora social que a seguir se transcribe:

NOME	TIPO DE AXUDA	IMPORTE
Sandra Fraga Ben <i>O portiño, 28 (27878 Morás)</i>	Transporte	300,00€
Oscar Pérez Meitin <i>C/ Acceso Apeadero, 18 4º B (27870 Xove)</i>	Transporte	300,00 €

D.2) BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDO PARA 2013-2014.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local das bases reguladoras de bolsas e axudas ó estudo para o curso 2013-2014, examinadas pola Comisión Informativa Especial, celebrada con data 1 de outubro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, enterada, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación das Bases Reguladoras de bolsas e axudas ó estudo para o curso 2013-2014, que de seguido se transcriben: “

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de atender ou contribuír a satisfacer as necesidades efectivas dos estudantes segundo as súas circunstancias socioeconómicas e académicas, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, formúlanse as presentes bases que regulan as bolsas e axudas ao estudo do Concello de Xove.

PRIMEIRA.- DEFINIÇÃO DO OBXECTO

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do aloxamento, material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos, coas dotacións máximas e demais condicionantes que se fixan nas bases posteriores.

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ao estudo “toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias”

As modalidades de bolsas e axudas ao estudo son as seguintes:

MODALIDADE 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario.

MODALIDADE 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.

MODALIDADE 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.

MODALIDADE 4.- Axudas para compra de material escolar.

MODALIDADE 5.- Axudas para estudos de doutoramento.

MODALIDADE 6.- Axudas para máster

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 40.000,00 € (partida 324.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

TERCEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos para cada unha das dúas liñas de axuda existentes, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

CUARTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

- 1.-Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €
- 2.-Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €
- 3.-Modalidade 3.- Axudas para alumnos minusválidos físicos ou psíquicos que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha
- 4.-Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:
 - a.- Preescolar: 65,00 €
 - b.- Primaria e ESO: 60,00 €

- c.- Bacharelato: 125,00 €
- d.- Ciclos formativos: 125,00 €
- 5.- Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00 €.
- 6.- Modalidade 6.- Axudas para máster, dotada con 500,00 €.

QUINTA.- CÁLCULO DAS AXUDAS

1.- Para o cálculo da contía a obter en concepto de bolsa nas modalidades 1 e 2 tomarase en consideración a seguinte fórmula:

$$A + (B-A) * (\text{Renda a considerar} - \text{Renda mínima}) / (\text{Renda máxima} - \text{Renda mínima})$$

Donde A= 1.200,00 e para a modalidade 1 e 600,00 € para a modalidade 2

Donde B= 100,00 € para ámbalas dúas modalidades 1 e 2

Donde Renda mínima= 5.000,00 € para a modalidade 1 e 4.500,00 € para a modalidade 2

Donde Renda máxima = 7.000,00 € para ámbalas dúas modalidades 1 e 2.

SEXTA.- RENTA PER CÁPITA FAMILIAR

1.- Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

A renda familiar obtérase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

2.- A renda per cápita familiar non poderá superar as contías establecidas para cada unha das modalidades de bolsas e que a continuación se relacionan:

a.- Modalidade 1: 7.000,00 €. As rendas inferiores a 5.000,00 € percibirán a axuda máxima de 1.200,00 €, contía que irá diminuindo progresivamente de acordo coa fórmula a que se refire o apartado 3 e ata o máximo de 7.000,00 € de renda, que percibirán 100,00 €.

b.- Modalidade 2: 7.000,00 €. As rendas inferiores a 4.500,00 € percibirán a axuda máxima de 600,00 €, contía que irá diminuindo progresivamente de acordo coa fórmula a que se refire o apartado 5 e ata o máximo de 7.000,00 € de renda, que percibirán 100,00 €.

- c.- Modalidade 3: Sen límite
- d.- Modalidade 4: 5.500,00 €
- e.- Modalidade 5: 7.000,00 €
- f.- Modalidade 6: 7.000,00 €

No caso da modalidade 1, o límite incrementarase a razón de 500,00 € por cada fillo universitario adicional.

3.- Enténdese por unidade familiar a unidade de convivencia, de acordo cos datos extraídos do Padrón municipal de habitantes.

SÉTIMA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ao estudo deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

Ademais, no caso das axudas da Modalidade 1 de bolsas e axudas ao estudo universitario, é condición indispensable non ter máis de dúas asignaturas suspensas de cursos anteriores, sempre e cando o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de asignaturas non inferior a cinco. E así proporcionalmente ao número de asignaturas.

Asímesmo, para o disfrute das axudas da modalidade 5 de doutoramento deberá acreditarse documentalmente un gasto superior á cantidade a conceder.

OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- a.- Impreso de solicitude
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante
- c.- Fotocopia do Libro de Familia
- d.- Certificado de empadramento e convivencia
- e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda
- f.- Copia compulsada da declaración da renda de tódolos maiores de idade da unidade familiar.

- *Caso de non estar obrigados a presentar tal declaración, presentaranse nóminas ou certificacións acreditativas dos ingresos obtidos durante o pasado ano, así como certificación da AEAT de non atoparse dentro do censo de declarantes.*
- *Para o caso de ingresos que non podan ser demostrados documentalmente, requirirase unha declaración xurada do solicitante.*
- *g.- Xustificante das contías das pensións que se perciban por parte dalgún membro da unidade familiar.*
- *h.- Notas acadadas no curso anterior, con excepción de educación infantil e primaria.*

Os ingresos a computar serán:

-Cando se presente declaración da renda; a parte xeral da renda do período

-Cando non hai declaración da renda: nóminas ou certificacións de empresas

-A estes ingresos engadiranse no seu caso, as pensións de carácter non asistencial (excluíndo polo tanto P.N.C., RISGA...) percibidas por calquera membro da unidade familiar.

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non da bolsa ou axuda.

NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ás bolsas e axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 31 días hábiles contados a partir da data que se determine en cada convocatoria. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sin que en ningún caso a duración de dita prórroga poida exceder de 10 días.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

DÉCIMA.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO

1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 5 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

3.- A resolución notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non obstante, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e con carácter previo á celebración da sesión da Xunta de Goberno e para a valoración das solicitudes presentadas, reunirse a Xunta Municipal de Portavoces, asistida pola Traballadora Social, Interventora Municipal, ou persoas en quen deleguen, levantándose Acta polo Secretario Municipal.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

DUODÉCIMA.- TRAMITACIÓN E PAGO.

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

-Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove

-Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado

-Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

DÉCIMOTERCEIRA.- COMPATIBILIDADES

As distintas axudas e bolsas serán incompatibles entre sí coas seguintes excepcións:

-A modalidades 2 será compatibles coa modalidade 4

DÉCIMOCUARTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- *1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases*
- *2.- Destinar a bolsa ou axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia a clases, presentación de exames, aloxamento, estancia, pago de tributos e demais obrigas.*
- *3.- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.*
- *4.- De revogarse a concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas*
- *5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento*
- *6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.*

DÉCIMOQUINTA.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións de bolsas ou axudas ó estudo poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de estimación real de rentas, situación económica ou situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación de bolsas ou axudas, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios de bolsas ou axudas, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda ou bolsa.

Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obte-la bolsa, o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

DÉCIMOSEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación dunha solicitude de axuda por traballadores/as ou empresarios/as supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

As modalidades 5 e 6 reguladas nas Bases que rexeron o procedemento de concesión de axudas ao estudo para o curso 2011-2012, serán obxecto de convocatoria independente, de acordo coa súa natureza finalista, unha vez rematado o correspondente curso escolar.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

2º) Proceder á convocatoria pública de bolsas e axudas ó estudo para o curso 2013-2014, de acordo coas anteriores bases reguladoras.

3º) Autorizar o gasto de 40.000 € con cargo á partida 324.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2013.

4º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboeiro de anuncios do Concello ou calquera outro medio.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as doce horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

